



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE AGOSTO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. María Carmen Gueimunde González, D. Celestino V. García Paz, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do dezanove de agosto do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria en funcións, D^a. Fátima Moar Rivera e o Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SEGUNDO O TRATADO NA XUNTA
DE VOCEIROS, RELATIVA A SOLICITUDE DA ENTIDADE “VESTAS
NACELLES SPAIN, S.A.U.”, ANTES “MICON EÓLICA, S. A.”.**

**1.1.- COMPROMISO DA EMPRESA DE MANTEMENTO DE POSTOS
DE TRABALLO E PREVISIÓN DE SUPERAR OS 150 TRABALLADORES.**

Polo Sr. Alcalde, propónse ao Pleno da Corporación, segundo escrito de D^a. Esperanza Ferreiro Abelairas, letrada, actuando en nome e representación da entidade “VESTAS NACELLES SPAIN, S.A.U.” antes “MICON EOLICA, S.A.”, que ven en dicir: “Que coa data de 14 de agosto de 1997, formalizouse entre a representada e este Concello, acordo de Cesión de Terreos, e a efectos de evitar prolixas e innecesarias repeticións”. Continúa o Sr. Alcalde, manifestando que en aras a cumprimentar o pactado no acordo referido, vémonos na obriga de adoptar os acordos que se proponen, e, engade que despois de meses de negociacións coa Empresa, e segundo os acordos alcanzados nas diversas reunións de Voceiros, ponse de manifesto a intención da



entidade de realizar, nos próximos dous anos, no centro de traballo sito en Chavín, unha inversión superior a seis millóns de euros, en concepto de mellora e extensión de instalacións, así como compra de diversa maquinaria. Explica que se prevé a fabricación de novos produtos no devandito posto de traballo, hasta mínimo, ata o ano 2012; co mantemento de todos os postos de traballo e cunha previsión de superar os 150 traballadores na data antes indicada.

Continúa, na súa intervención, o Sr. Alcalde manifestando que vista a unanimidade de todos os Grupos políticos alcanzada cos compromiso do acordo de todos, non poido deixar de felicitalos xa que é moi importante para Viveiro e todos coincidimos no mesmo. Polo que é preciso, para a realización da inversión descrita e o mantemento dos postos, que este Concello realice, no máis breve prazo posible, cantas actuacións considere necesarias para outorgar Escritura Pública e posterior Rexistro dos terreos a nome da entidade “VESTAS NACELLES SPAIN,S.A.U.”, así como o novo Plan de Actuación Industrial levaría aparellado para a súa viabilidade, a concesión por parte do Concello das preceptivas Licencias e, finalmente, a cesión de uso, da denominada “Casa dos Maestros” segundo convenio que se adxuntaría.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que supón a Maioría Absoluta do número legal dos membros, acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar o Compromiso da Empresa para garantir a continuidade da pranta de produción de aereoxeneradores e manter os postos de traballo posibles, coa previsión de incrementar a plantilla ata 150 postos de empregos, xa que na actualidade existen noventa postos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa “Vestas Nacelles Spain, S.A.U.”.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a suscripción de cantos documentos se deriven da adopción do presente acordo.

1.2. OUTORGAMENTO, POLO CONCELLO, DE ESCRITURA PÚBLICA DOS TERREOS A NOME DA CITADA ENTIDADE E, POSTERIOR, INSCRIPCIÓN REXISTRAL.-

Polo Sr, Alcalde sométese a votación que este Concello proceda á sinatura da Escritura Pública dos terreos a nome da Entidade “VESTAS NACELLES SPAIN, S.A.U.”, antes Neg Micón Eólicas S.A. e, a posterior inscrición no Rexistro da Propiedade.

A seguir, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que supón a Maioría Absoluta do número legal de membros, acorda outorgar a escritura pública dos terreos a nome da citada Entidade e, posterior inscrición Rexistral.



Dáse traslado do presente acordo á empresa “Vestas Nacelles, Spains, S.A.U., antes “Micon Eólica, S. A.”.

1.3.COMPROMISO DO CONCELLO DE TRAMITACION DAS LICENCIAS DE OBRAS QUE SE REQUIRAN POLO NOVO PLAN DE ACTUACIÓN INDUSTRIAL.

Polo Sr.Alcalde propónse a votación deste punto, xa que o Concello deberá garantir a tramitación das licencias de obras que sexan necesarias para que a empresa eólica poida executar un novo plan Industrial en Chavín.

A continuación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que supón a Maioría Absoluta do número legal de membros, acorda comprometerse á tramitación das licencias de obras que sexan necesarias para o novo Plan de actuación Industrial.

Dáse traslado do presente acordo á empresa “Vestas Nacellas, Spain, S.A.U.”, así como ao departamento municipal de Obras e Urbanismo.

1.4. CESION, A DITA ENTIDADE, DO USO DA DENOMINADA CASA DOS MAESTROS” PARA LOCAL DE FORMACIÓN DOS TRABALLADORES”

Polo Sr. Alcalde propónse a necesidade de ceder o uso da denominada “Casa dos Maestros” que se destinaría a locais de formación de traballadores da fábrica de “VESTAS NACELLES SPAIN, S.A.U., mediante un Convenio regulador, onde se indique, entre outros, os fins que redunden en beneficio dos habitantes do término, sinalización de prazo, previo inicio do expediente onde conste certificado de Rexistro de Propiedade, do Inventario de Bens, sometemento a información pública, etc.. de conformidade co sinalado no informe de Secretaría.

A seguir, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que supón a Maioría Absoluta do número legal de membros, acorda a cesión á dita entidade do uso da denominada “Casa dos Maestros” para formación de traballadores da fábrica de “Vestas Nacelles, Spain, S.A.U.”., mediante Convenio regulador.

Dáse traslado do presente acordo á empresa “Vestas Nacelles, Spain, S.A.U., antes “Micon Eólica, S. A.”, así como ao departamento municipal de Inventario de Bens.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas do día da data, esténdendose de todo o tratado a dita acta, da que eu, Secretaria, dou fe.